

COIDADADO

Dunha vez era un raposo que rondaba famento arredor dunha aldea por ver se atopaba algo con que encher o bandullo. Unha mañá, namáis saír fóra un galo, botoulle o dente o bo do raposo. Dispoñíase a fincarllo cando o galo lle dixo:

—Mire, señor raposo, estoulle fraco e non lle vale a pena comerme agora. Logo vén o tempo das mallas e, como hai moito gran, cómese ben e engórdase, así que, se lle é igual, agarde ata aquela que hei estar máis gordiño.

O raposo, como vira que era certo o que lle dicía o galo, deixouno, mais preguntoulle primeiro:

—¡Está ben! ¿E como te chamas? Pois necesito saber o teu nome para preguntar por ti cando volva.

—Pois chámome "Coidado".

—Moi ben —dixo o raposo—. Pois despois das mallas aquí me tes.

E saíu camiñando buscar outro sitio onde fartarse, bailando de contento o galo cando se viu libre do dente do raposo.

Pasou o tempo e, ao chegar o día que conviñeran, volveu o raposo buscar o galo. Este, polo que puidese pasar, esperouno na cima dun castiñeiro.

—¡Coidado! ¡Ei, Coidado! —berraba desatinadamente o raposo ao chegar ao sitio onde quedaran en verse.

—Xa cho teño —contestou de arriba o galo.

—Baixa, que agora veu unha lei de non facer mal uns aos outros —repuxo o raposo con picardía xa, ao ver que o galo estaba tan malo de pillar.

—Vou agora, mais tes que esperar un pouquechiño que aí vén un can e, se el pasa sen che facer nada, baixo eu tamén.

—¿E vén lonxe?

—Está chegando.

—Daquela voume que "as leis do rei, tanto che van coma che vén".

Nisto o can, que xa avistara ao raposo, pegou tras del con tanta lixeireza que o raposo facía lume ao fincar as patas contra o chan. O galo, dende o seu polinco, berráballe:

—¡Amóstralle a orde! ¡Amóstralle a orde!

—Non teño vagar —repuxo o raposo mentres corría—, que teño moita terra que taconear.